

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 4 de agosto de 2014.

HORA DE COMEZO: 13:55 h.

HORA DE REMATE: 14:35 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 16 E 23 DE XUÑO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 16 e 23 de xuño de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.908.- A José Manuel Taboada Pazó, con enderezo en Granxa de Ximeu, nº 6-Darbo, para en Rúa San Cibrán, nº 48-Aldán, en solo de núcleo rural regulado pola Ordenanza 9, ampliar a vivenda en 73,25 m2., de semisoto, 158,15 m2., de planta baixa e 31,10 m2., de terrazas e acondicionar 71,25 m2., de planta baixa, de conformidade co proxecto de xullo de 2013 e correccións aportadas en 9 de abril de 2014.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada o día 17 de xullo de 2014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras da parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de MIL NOVECIENTOS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (1.900,60 €).

EXPEDIENTE Nº 24.985.- A Jesús Iván Fernández Rodríguez, con enderezo na Madalena, nº 60-Darbo, para na Madalena-Darbo, en solo urbano, regulado pola ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 53,54 m2., de soto, 213,18 m2., de planta baixa e 19,21 m2., de caseta, de conformidade co proxecto básico de marzo de 2014, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 25.125.- A Maria Katia Parcero Sotelo, con enderezo en Rúa Noria, nº 1-Cangas, para no referido lugar reformar a edificación existente en 88,50 m2., de conformidade co proxecto básico de 2014, e a que antes do inicio das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.456.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR EMILIA SOLIÑO BARREIRO

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal o día 18 de xullo de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a EMILIA SOLIÑO BARREIRO, con enderezo na Avda. de Ourense, nº 1-baixo-Cangas, para vivenda sita en Seixo-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.750.

2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.287.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Rúa Santa Baia, nº 2-10-Cangas, legalizar unha canalización de 45,00 metros, para gas natural, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

EXPEDIENTE Nº 24.597.- A "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", con enderezo en Rúa Real, nº 85-A Coruña, para en Rúa Eduardo Vincenti, nº 12-Cangas, executar unha canalización de 34,00 metros, para rede de telecomunicacións, foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

EXPEDIENTE Nº 21.133.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR HORTENSIO DÍAZ BECERRA CHAOS, EN REPRESENTACIÓN DA MERCANTIL "CENTRAL DE MASEIRIÑOS, S.L."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, o día 8 de abril de 2014, acordou:

a) deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo o expediente de LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a HORTENSIO DÍAZ BECERRA CHAOS, en representación da mercantil "CENTRAL DE MASEIRIÑOS, S.L.", con enderezo en rúa Isla de Man, nº 4-2º esquerda-Lugo, para vivenda sita en Menduíña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.290.

EXPEDIENTE Nº 21.407.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "IMAXE URBÁ CANGAS, S.L."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 22 de xullo de 2014, acordou:

a) deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo o expediente de LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.", con enderezo

en rúa Praza do Arco, nº 1-Cangas, para 4 vivendas unifamiliares pareadas, sitas no Viso-O Hío, construídas ao abeiro da licenza municipal Nº 20.956.

EXPEDIENTE Nº 24.504.- O recurso potestativo de reposición interposto por María del Carmen Pousada Mariño, con enderezo en Rúa Arana Goikoa, nº 8-1º dereita-Azpeitia-Guipúzcoa, foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.712.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 104-Vigo, para en Liméns-O Hío, executar 491,00 metros de canalización de rede de media tensión e instalación dun centro de transformación, de conformidade co proxecto SGD 534210030001, do 5 de xullo de 2013 e coas seguintes condicións:

* Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

* Debe presentar un aval por importe de MIL CINCOCENTOS DEZAOITO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (1.518,37 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 24.904.- Rosa Maria Carballal Cabanelas, acondicionar un local para tenda de ultramarinos no Espírito Santo, nº 41-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 24.993.- Maria Lucinda Baqueiro Gutierrez, cambio de tella na vivenda no Regueiro, nº 4-Pinténs-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.009.- José Luis Iglesias Rial, cerramento en Estrada ao Viso, nº 41-A- O Igrexario-Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.072.- José Martínez Graña, cambio de tella na edificación en Nazaret, nº 9-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.076.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO CASTELAO, reparación de fachada na Avda. de Vigo, nº 136-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.077.- Antonio Jerónimo Paredes Fandiño, reposición material de cubrición na Avda. da Coruña, nº 13-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.082.- José Manuel Sanjorge Casal, cerramento en Estrada a Bueu, nº 24-Gandón-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.084.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PARAÍSO, para saneamento de fachadas en Rúa Enseñanza, nº 54-56-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.085.- "CASTRO MÍGUENS, C.B.", cambio de material de cubrición na Avda. de Ourense, nº 75-Cangas.

EXPEDIENTE: Nº 25.087.- Alfonso M. Crujeiras Jorge e M. Angeles Pena Paz, cerramento na Serra de Poente-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.088.- Pilar Malvido Lagoa, pavimentación de terrazas na Rocha, nº 2-San Pedro-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.089.- María Ferral Gil, adecuación de local na Avda. de Bueu, nº 4-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.091.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BALEA, impermeabilización de cuberta en Rúa Barbate, nº 5-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.093.- Agustín Blanco Piñeiro, colocación de pavimento na vivenda en Rúa Real, nº 66-2º-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.099.- Lorenzo González Alvarez, cambio de tella en 3a. Trav. Avda. de Lugo.

EXPEDIENTE Nº 25.107.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO RÚA REAL, 70, para reparación fachadas en Rúa Real, nº 70-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.116.- Alberto Chapela Regueira, conservación e mantemento edificación existente en Rúa Ramal do Paraíso, nº 1-Darbo.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do día 4.8.14 da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, relativa a concesión de axudas económicas de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Dona Dolores Gallego Santos, en calidade de concelleira de sanidade, servizos sociais e muller do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra), En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por N. Stailate, con NIE Y2145985F, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de MIL CENTO TRES EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (1 103,26 €) a N. Stailate."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

5.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
JESÚS COYA SOTELO NIF Nº 76.834.562-A	Rúa David Cal, nº 27-O Hío.	Rúa David Cal, nº 27-O Hío. Autorízase, así mesmo, o pintado de amarelo na entrada do garaxe. <u>O presente acordo de autorización carecerá validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación correspondente no departamento de Urbanismo.</u>

5.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
FERNANDO LÓPEZ TORRES NIF Nº 35.244.360-B	Camiño a Areacova, nº 54-B-Espiñeira-Aldán.	Camiño a Areacova, nº 54-B-Espiñeira-Aldán. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 742, concedido en X.G.L. do día 25.3.09 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo. Autorízase, así mesmo, o pintado de liña amarela na entrada do garaxe.

5.B) INFORME DA POLICÍA S/SINALIZACIÓN EN AREACOVA

Visto o informe emitido o día 27.7.14 pola Policía Local, referente a conveniencia de sinalización na zona de Areacova, que di o seguinte:

"Nº REX.: 1486b14

Os axentes da Policía Local de Cangas, con número de identificación profesional 052027 e 052007, por medio do presente, informan:

Que sendo as 11:00 horas do día da data, os axentes trasládanse ata o lugar de Espiñeira, no vial que conduce á Praia de Areacova, pois está habendo queixas por parte dos usuarios que no tramo de vía á altura do nº 50, os vehículos estacionan ás dúas marxes quedando un só carril con capacidade para os turismos, non para furgonetas e outros de mais dimensións, provocando retencións e discusións.

Que sería conveniente a colocación dun sinal que prohiba o estacionamento na marxe esquerda nese tramo, indo cara á praia.

Que cara ós próximos anos sería conveniente organizar o tráfico en sentido único, pois na actualidade antes da praia está en dúas direccións."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente, referente a sinalización na zona de Areacova.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ MARIÑO A Torre, nº 1-San Pedro-Darbo-Cangas PONTEVEDRA	FIANZA	348,37 €	FIANZA LICENZA Nº 22.548
BANKIA Praza da Princesa, nº 7 VIGO	AVAL	30.556,00 €	CONTRATO OBRA ACOPIO MATERIAIS AVDA. DE MARÍN
BANKIA Praza da Princesa, nº 7 VIGO	AVAL	30.556,00 €	CONTRATO OBRA ACOPIO MATERIAIS AVDA. DE MARÍN
BANKIA Praza da Princesa, nº 7 VIGO	AVAL	30.556,00 €	CONTRATO OBRA ACOPIO MATERIAIS AVDA. DE MARÍN
NURIA VEIGA QUICLER R/Quintela, nº 31-1ºD-VIGO	FIANZA	1.284,12 €	FIANZA LICENZA Nº 20.433

6.B) SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS SOBRE A MESA

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos

informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
AREA VIVA DEL MORRAZO, S.L. R/Antonio Nores, nº 17-3ºA-Cangas	AVAL	15.547,67 €	URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURA VIARIA QUE DEBERÁN EFECTUAR NA PARCELA 3 DA UNIDADE DE ACTUACIÓN 4,3 Y 4,4 DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN VOLUNTARIA

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DITADO O DÍA 17.07.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 362/2013 (X-13/32)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.7.14, referente a auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 362/2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DITADO O DÍA 17.07.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 362/2013 (X-13/32)

Visto o recurso interposto pola Federación Galega de Ciclismo en reclamación de cantidade, que se tramita no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra como Procedemento Abreviado nº 362/2013.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 27.01.2014 que autoriza ao avogado do concello, José Ramón Vázquez Cueto, a transar coa parte contraria a terminación convencional do procedemento nos seguintes termos:

'O Concello de Cangas satisfará á Federación Galega de Ciclismo a cantidade de 6.500,00 €, no mes seguinte á homologación xudicial deste acordo, renunciando a parte reclamante a calquera outra cantidade derivada do presente procedemento, xuros e custas incluídos.'

Visto o auto ditado o día 17.07.2017 polo que se homologa o acordo acadado polas partes litigantes e declara rematado o procedemento.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 362/2013, instruído a instancia da Federación Galega de Ciclismo.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, indicando a este último que deberá realizar ó pago da cantidade adebedada no mes de agosto do ano que andamos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 362/2013.

7.B) PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 192/2014 DO DÍA 22/07/2014 DO XULGADO 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS, POLO QUE SE HOMOLOGA O ACORDO TRANSACCIONAL ALCANZADO POLAS PARTES E SE DECLARA FINALIZADO O PROCEDEMENTO ORDINARIO 125/2012 (X-12/21)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 31.7.14, referente ao auto do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, polo que se homologa o acordo transaccional alcanzado polas partes e se declara finalizado o procedemento ordinario nº 125/2012, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 192/2014 DO DÍA 22/07/2014 DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS, POLO QUE SE HOMOLOGA O ACORDO TRANSACCIONAL ALCANZADO POLAS PARTES E SE DECLARA FINALIZADO O PROCEDEMENTO ORDINARIO 125/2012 (X-12/21)

Vista o contido do Auto nº 192/2014 do día 22/07/2014 do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, polo que se homologa o acordo transaccional alcanzado polas partes e se declara finalizado o procedemento ordinario nº125/2012, instruído a instancia de 'RESIDENCIA NUEVA VIDA, S.A.', contra o Concello de Cangas.

Vistos os termos do acordo transaccional homologado polo auto citado cuxos termos son os seguintes:

'...polas partes litigantes se fixa na suma de 66.850,92 €, a única cantidade debida polo CONCELLO DE CANGAS, a cal farase efectiva do seguinte xeito:

- 22.000,00 € aos vinte días da notificación do auto, aprobando a presente transacción e dando por rematado o procedemento xudicial.

- 22.425,46 € no mes de xaneiro do ano 2015.

- 22.425,46 € no mes de febreiro de 2015.

Ditas cantidades aboaranse sen xuros moratorios. Pero se calquera dos importes sinalados non se aboara nos prazos previstos, a cantidade que resulte impagada no prazo xerará xuros moratorios a computar desde o día na que a mesma foi obxecto de reclamación en vía administrativa ata o seu aboamento. Só o impago da primeira cantidade de 22.000,00 € no prazo previsto para iso, permitirá a 'RESIDENCIA NUEVA VIDA, S.A.', dar por vencida a totalidade da débeda podendo reclamóla na súa totalidade, cos xuros correspondentes.'

Visto que o citado auto nº 192/2014 foi notificado a representación procesal deste concello o pasado día 24/07/2014.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto nº 192/2014 do día 22/07/2014 do Xulgado de 1ª Instancia e instrución nº 1 de Cangas e dos termos do acordo transaccional alcanzado polas partes que este homologa declarando por finalizado o procedemento ordinario nº 125/2012 instruído a instancia de 'RESIDENCIA NUEVA VIDA, S.A.'

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago da cantidade de VINTE E E DOUS MIL EUROS (22.000,00 €), en concepto de 15 prazo principal, a favor de 'RESIDENCIA NUEVA VIDA, S.A.', con CIF nº A-36405819, con cargo á aplicación 230-48 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, indicando a estes últimos que deberá adoptar as disposicións oportunas para facer efectivos os pagos nos prazos fixados no acordo transaccional homologado, previndo a súa dotación orzamentaria de cara ao exercicio de 2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao auto do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, polo que se homologa o acordo transaccional alcanzado polas partes e se declara finalizado o procedemento ordinario nº 125/2012.

7.C) PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DO DÍA 14/03/2014 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA RECAÍDO NA PEZA DE SUSPENSIÓN 10/14-C DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 33/2014 (X-14/07)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 31.7.14, referente a auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído na peza de suspensión nº 10/14-C do procedemento ordinario nº 33/2014, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DO DÍA 14/03/2014 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA RECAÍDO NA PEZA DE SUSPENSIÓN 10/14-C DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 33/2014 (X-14/07)

Visto o contido do Auto do día 14/03/2014 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra recaído na peza de suspensión 10/14-C do Procedemento Ordinario nº 33/2014, instruído contra o Concello de Cangas a instancia de 'Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S. A.', polo que se dispuxo o seguinte:

'Procede estimar a medida cautelar interesada polo procurador Pedro A. López López, en nome e representación da entidade 'Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A.', consistente en que a administración demandada proceda ao pagamento inmediato da débeda reclamada de 39.388,76.'

Visto que para dar cumprimento ao contido do citado auto foi preciso tramitar o expediente de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito 1/2014, dentro do vixente orzamento municipal que foi aprobado inicialmente na sesión ordinaria do Concello Pleno do día 30/05/2014, que foi considerado definitivamente aprobado, elevándose a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo outorgado a tal efecto (B.O.P. de Pontevedra nº 142 de 24/07/2014).

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto do día 14/03/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído na peza de suspensión 10/14-C do Procedemento Ordinario nº 33/2014, instruído contra o Concello de Cangas a instancia de 'Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A.'

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago da cantidade de VINTE E SEIS MIL CATROCENTOS VINTE E TRES EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (26.423,27 €), en concepto de principal, a favor de 'Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A.', con CIF nº A- 28526275, con cargo á aplicación 130-623 do vixente orzamento de gastos dando conta ao xulgado do pago unha vez que este se realice.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído na peza de suspensión nº 10/14-C do procedemento ordinario nº 33/2014.

7.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A SENTENZA Nº 14/2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 142/2013 (X-13/10)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 31.7.14, referente a sentenza nº 14/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 142/2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 14/2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO nº 142/2013 (X-13/10)

Vista a Sentenza nº 14/2014 ditada en data 21.01.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, na que se condena a este concello á aboarlle a 'HPC IBÉRICA, S.A.', a cantidade de 61.868,84 €.

Visto que co fin de dar cumprimento á citada sentenza tramitouse o correspondente expediente de modificación de créditos que foi aprobado mediante acordo do Pleno en sesión realizada o día 30.05.2014 (BOP 24.07.2014).

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de SESENTA E UN MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (61.868,84 €), a favor da mercantil 'HPC IBÉRICA, S.A.', con CIF nº A58620808, en concepto de principal adebedado segundo a sentenza nº 14/2014, ditada o día 21.01.2014 polo Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013 (con cargo á aplicación orzamentaria 171-625).

Segundo.- Ordenar o pago e dar conta deste ó xulgado.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 14/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 142/2013.

7.E) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCIMENTO ORDINARIO Nº 165/2012

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da Sentenza estimatoria nº 151/2014, ditada o día 23.6.14 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 165/2012.

URXENCIAS **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROHIBICIÓN DE APARCAMENTO DE AUTOCARAVANAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Prohibir en todo o termo municipal o aparcamento de autocaravanas e, así mesmo, habilitar para este fin dúas zonas de aparcamento:

- Esplanada de Rodeira
- Peirao de Aldán

SEGUNDO.- Para que se produza a efectividade do presente acordo, dar traslado deste á concellería de Servizos e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente